




RÍO MIÑO. AS NEVES

Sendeiro dos Pescadores


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 7 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 3 horas



Unha camiñada pola beira do Miño no concello das Neves, entre a área de lecer de Santa Mariña e a praia fluvial de Guláns, que discorre pola parte alta das paredes graníticas entre as que corre encaixado o río. Un camiño acondicionado, con só uns curtos tramos en pendente e dúas escaleiras, desde o que podemos apreciar a carreira da auga, longos tramos do río fronteiro e, nunha e noutra banda, restos xa abandonados de varias estruturas para a pesca da lamprea, os coñecidos pescos do Miño, atrancos con ocos para o paso da auga nos que se colocaban os boitiróns, trampas nasa, nas que quedaban encerradas as lampreas ou outros peixes que remontaban a corrente; vellos postos da garda e vixía de fronteiras, nestas datas case ocultos pola intensa e abundante floración das mimosas que se ollan con sentimentos encontrados: de admiración, pola cantidade de flor e de cor amarela con que o enchen todo, e de rexeitamento, pola súa condición de plantas alleas e invasoras.

COMO CHEGAR:

Podemos comezar en Santa Mariña (Tortoreos), onde temos unha ampla área de lecer con boa sombra e amplo aparcamento; en Portomaior, onde hai outra área con mesas á sombra das mimosas ou en Guláns, a carón da praia. Desde Guláns pódese continuar camiñando río arriba 3 km máis ata Medáns aproveitando o camiño da Ruta do sol unha circular de 17 km que baixa desde Tortoreos a Santa Mariña, percorre o sendeiro dos pescadores e continúa ata Medáns para volver, polo interior, ao punto de partida.



Praia de Guláns





Pesqueira do Torno



Embarcadero de Guláns

Carballeira e capela na área de lecer de Santa Mariña.

